

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CARLOS CASARES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS

Dunha parte, José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, Hakan Olof Casares Berg, na súa condición e co cargo de administrador da Fundación Carlos Casares, CIF G36907244, actuando en nome e representación da entidade.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

### **EXPOÑEN:**

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro é fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

A Fundación Carlos Casares naceu en 2002 coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura na que vivimos, e co



propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo.

A Fundación ten como obxectivos:

- Velar polo estudo e a difusión da obra literaria de Carlos Casares, así como pola preservación e a continuidade da súa biblioteca, o seu arquivo e as súas coleccións.
- Promover e difundir o legado do escritor no que se refire ao desenvolvemento cívico, social e cultural de Galicia, propiciando unha cultura cidadá que teña como eixes principais a comunicación, o diálogo e mais a tolerancia.
- Constituírse como entidade mediadora entre a cultura galega e a cultura universal desde criterios de apertura, pluralismo e respecto á diversidade cultural.
- Realizar toda clase de actividades que contribúan ao proceso de normalización lingüística e cultural de Galicia, especialmente naquelas áreas vinculadas á vida e á obra de Carlos Casares.

A Fundación Carlos Casares ten previsto para este ano a realización das VII xornadas “Videoxogo e literatura. Unha mirada transversal”; actividades culturais relacionadas coa figura de Carlos Casares en centros escolares, concellos de Galicia e outras institucións.

O carácter singular das actividades que se desenvolven é dobre. Por unha banda, pretende achegarse a figura e a obra de Carlos Casares ás novas xeracións. Grazas aos diversos actos de difusión (faladoiros, conferencias), así como das diversas mostras e exposicións temporais que circulan anualmente por Galicia, especialmente en centros escolares, explícase de forma amena a traxectoria da lingua e da literatura galega do último terzo do século XX e das personalidades máis importantes, entre as que destacou con forza Carlos Casares. Por outra banda, e coa idea de potenciar a literatura galega e universal e a súa relación con outras artes, creouse un evento único en toda España, na que se analiza o sector do videoxogo dende a óptica da literatura e as narrativas, cunha finalidade tamén didáctica e de converter o lecer interactivo en porta de entrada para a cultura galega.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións**



O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Carlos Casares para a realización de actividades culturais

Actuacións prevista para 2025 – custo total 14.000 €:

**1. VII Xornadas “videoxogo e literatura. Una mirada transversal e actividade didáctica Bit a Bit. A Historia dos videoxogos” no Museo Marco. Custo: 10.000 €**

Actividade mixta que reúne distintos representantes dos sectores do videoxogo e do libro: empresas, profesionais do ámbito da programación, o guión, compositores de BSO, da arte gráfica, a tradución, localización, edición, etc., agrupados en mesas redondas temáticas, charlas e masterclass técnicas e outros formatos participativos relacionados co ámbito das xornadas, que iniciaron a súa andaina en 2019 .

Aínda que vai especialmente dirixido ás persoas vinculadas ao sector do videoxogo e actividades relacionadas, como *game testers*, publicistas, *bloggers*, coleccionistas, xuristas, etc., está aberto tamén ao público xeral.

Na procura dos límites do “transmedia”, nas xornadas abórdase a industria creativa do videoxogo dende diversas perspectivas: empresarial, asociativa, lingüística, educativa, laboral, buscando vínculos con outros sectores como o do audiovisual e o da edición literaria. De aí a vocación transversal do evento.

Este ano aproveitarase para incluír unha actividade divulgativa para o público infantil e xuvenil, así como tamén para a xeración de pais e nais que creceron na década de 1970 a 1990. Trátase da segunda edición do taller “Bit a Bit. A evolución dos videoxogos”. Durante unha semana, unha decena de centros escolares da zona metropolitana de Vigo poderán acudir a talleres formativos e divulgativos sobre a evolución dos videoxogos na década de 1980. Haberá tamén xornadas de portas abertas polas tardes para a cidadanía interesada en visitar a mostra. Estes talleres realízanse en conxunto coa Asociación Retrogalaicos.

**2. Difusión da figura de Carlos Casares mediante ofertas culturais. Custo: 1.825 €**

Este programa, con longo percorrido na fundación, reúne a oferta a distintas entidades (centros escolares, asociacións culturais e de veciños, centros galegos en España e no exterior, entidades da Administración local, etc.) do apoio documental, expositivo e organizativo para a realización de actividades culturais específicas ou inseridas na súa programación habitual. Entre estas destacan:



- Exposición "O Principiño ao redor do mundo. A colección de Carlos Casares", adaptada ás posibilidades de espazo do solicitante, xa que a mostra incorpora paneis autoportantes de gran tamaño, obxectos e un máximo de 100 edicións do famoso libro de Saint-Exupéry vertido ao galego por Carlos Casares.
- A mostra de grande interese "Sorrisos por un mundo. O humor en Carlos Casares". Tratamento do humor dende diversos aspectos (biolóxico, histórico, artístico...) definindo o humor, as súas teorías, a súa aparición en distintas culturas do mundo... Para despois tratar a historia do humor en Galicia (dende a literatura oral ou as cantigas de escarnio e maldizer, ata os "memes" actuais). Por último, o humor en Carlos Casares (caricatuas, imaxes, o humor na súa escrita...).
- Conferencias, faladoiros, actividades e rutas culturais guiadas sobre Carlos Casares ou sobre aspectos relacionados co escritor.

### **3. Mostra bibliográfica e exposición "A Leducia de Ler, 50 aniversario (1975-2025)". Custo: 2.175 €.**

O 5 de xaneiro de 1975, Carlos Casares inicia unha nova etapa en La Voz de Galicia coa columna "A Leducia de Ler". Tratábase dun recuncho da prensa diaria de Galicia onde publicitar e falar de libros en galego. Unha columna estable de crítica literaria, animación á lectura, promoción de escritores e escritoras en lingua galega... Pero tamén se trataron temas relacionados coa lectura e a literatura, non só libros, e outros temas como a construción da normalización lingüística, a promoción do galego, a recuperación da cultura galega en distintos eidos, as características socioculturais da época... A columna conviviu con outros exercicios de xornalismo literario e non literario de Carlos Casares, como foi "A tertulia", xermolo da outra famosa columna de Carlos Casares "Á marxe", que naceu o 30 de abril de 1982. Ambas conviviron con "A Leducia de Ler" ata o 4 de xuño de 1992, data en que se despediu e cinco días antes da conversión de "Á marxe" en columna diaria, e ata a morte de Carlos Casares, o día 9 de marzo de 2002.

En total, "A Leducia de Ler" aglutinou máis de 400 artigos durante 17 anos. Aproveitando o 50 aniversario da súa aparición, cun primeiro artigo dedicado a unha obra de Castelao, a Fundación Carlos Casares vai desenvolver unha exposición e mostra bibliográfica que conmemore a evolución da columna dentro do contexto sociohistórico e cultural de Galicia, facendo tamén un repaso da produción xornalística de Carlos Casares dende os seus inicios en La Región ata na prensa nacional como El País. Ademais da mostra, e en colaboración con La Voz de Galicia, poderán amosarse elementos bibliográficos, como unha selección dos libros dos que tratou na columna, manuscritos, correspondencia e fotografías inéditas.



De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrència pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, que soamente poderán levarse a cabo pola Fundación Carlos Casares. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia.

Por todo o anterior é a Fundación Carlos Casares a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura para o ano 2025, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

### **SEGUNDA.- Obrigas da Fundación Carlos Casares**

A Fundación Carlos Casares comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Fundación deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Fundación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

De acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e co artigo 37.5 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, con anterioridade á sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade.



A Fundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Fundación deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Fundación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

### **TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar á Fundación Carlos Casares a cantidade de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, código de proxecto 2015 00372.

Esta cantidade, 12.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula primeira, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.



Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

#### **CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 15 de decembro de 2025

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Fundación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluirá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Indicar o número de asistentes.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
  - ✓ Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final, o total dos gastos.
  - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa



procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.

- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

#### Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2025 dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Fundación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.



### **QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta**

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados segundo o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderán concederse anticipos ata o 50% do importe da subvención concedida, que neste caso será de 6.000 € como máximo.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A Fundación tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%, ou sexa 9.600 €.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

### **SEXTA.- Comisión de Seguimento**

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e polo administrador da Fundación.

### **SÉTIMA.- Causas de resolución e modificación do convenio**

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

*"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de*



*modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira.*

*Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."*

#### **OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación Carlos Casares acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.



## **DÉCIMA.- Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física



ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2025.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude      O administrador da Fundación Carlos Casares

José Carlos López Campos

Hakan Olof Casares Berg

